



## MEMORIA ECONÓMICA PARA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” (AVENIDA BEIRAMAR).

### 1.- OBXECTO (artigo 99 Lei 9/2017).

O **obxecto** do presente procedemento de contratación consiste na subministración de catrocentas cadeiras para a Sala de Estudos situada no edificio do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, coas características que se indican no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) que se inclúe neste expediente. A subministración de cadeiras incluírá a entrega, debendo quedar totalmente instaladas e preparadas para o seu uso.

No referente a **cualificación do contrato**, polo seu obxecto, será de subministración, na súa modalidade de adquisición de produtos ou bens mobles, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

A contratación resulta necesaria para o **exercicio de competencias propias** previstas no art. 25.2.m (promoción da cultura e equipamentos culturais) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local e no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

### **División en lotes**

Polo que respecta a súa **división en lotes**, non se considera axeitada debido a que, tendo en conta a contía do contrato, así como a natureza do mesmo, non se considera conveniente a súa división do mesmo en lotes, en base a motivos relacionados coa optimización, a eficiencia e as posibilidades de obter unha oferta mais vantaxosa. Así mesmo, os elementos que se pretenden contratar (cadeiras) para a Sala de Estudos de Beiramar, conforman en si mesmos unha unidade de xestión, xa que os mesmos teñen na súa operatividade unha condición de conxunto, tanto na súa funcionalidade como na súa referencia estética, e polo tanto unha complementariedade que non posibilita tecnicamente a súa división en lotes.

### 2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

#### **a) Prezo do contrato.**

En cumprimento do artigo 102 da Lei 9/2017, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está calculado en base ao custe unitario dos elementos a subministrar, estimado a partir de anteriores contratos de subministración de mobiliario para as salas de estudo e actualizado en base ás variacións do Índice de Prezos de Consumo (IPC).

DESCRICIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
Cadeira confidente sen brazos fabricada en estrutura	400	91.32 €	36,528.00 €

de aceiro de 20 mm x 1,50 mm de espesor mínimo, traveseiros soldados con soldadura eléctrica de arco, pintura en po de resinas epoxi en cor gris prata (RAL 9006), termo endurecido con asento e respaldo dunha soa peza formado por madeira laminada (mínimo 9 láminas) de faia de 1,20 mm, con formato anatómico; unión entre carcasa mediante abrazadeiras de polipropileno ou similar, con topes para o seu apilamento e tornillería cincada.  Asento e respaldo lacados en cor vermella (RAL 3002) con logotipo do Concello de Vigo termogravado en medidas de 2,50 cm de alto e 7,00 cm de ancho e situado na parte posterior, centrado e superior da cadeira.			
IMPORTE IVE 21%			7,670.88 €
<b>IMPORTE TOTAL</b>			<b>44,198.88 €</b>

O prezo do contrato estipúlase nun total de total de CORENTA E CATRO MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS, sendo o importe correspondente ao IVE de 7.670,88 euros.

**b) Valor estimado do contrato e método de cálculo:**

Tal e como establece o artigo 101 da Lei 9/2017, o valor estimado calcularase tendo en conta que non se prevé a posibilidade de modificación á alza nin posibilidade de prórroga, e tendo en consideración do mesmo xeito, os custos derivados da normativa laboral vixente, estipulándose en TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS VINTE E OITO EUROS (36.528,00 €).

	IMPORTE
IMPORTE DO CONTRATO	36.528,00 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS	NON
POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	NON
<b>VALOR ESTIMADO DO CONTRATO</b>	<b>0.00 €</b>

**3.- REVISIÓN DE PREZOS** (artigo 103 Lei 9/2017).

Tendo en conta a duración do contrato, non procede a revisión de prezos.

**4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 7 DE ABRIL.**

O importe deste contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3231.625.0000 “Mobiliario e dotacións” e bolsa de vinculación.

O gasto proposto, establececese tamén de conformidade co principio de sostibilidade financeira,

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 25987/332

de acordo o cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2022. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario ao atoparse contemplada no orzamento do exercicio 2022 e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo.

#### **5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO.**

O pagamento da subministración efectuarase coa presentación de factura conformada pola responsable do contrato, unha vez realizada a entrega que se pretende contratar.

A factura electrónica a emitir deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000650 EDUCACIÓN

OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN

ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

O concelleiro delegado da Área de Educación, Gorka Gómez Díaz